

COVID-19 e traballadores transfronteirizos. eurocidadáns prexudicados no río Miño e acción local⁽¹⁾

Xavier Martínez Cobas⁽²⁾

Universidade de Vigo

Anxela Fernández Callís⁽³⁾

Concello do Rosal

RESUMO: A COVID-19 ten provocado múltiples decisións políticas. Unha delas, estendida por toda a Unión Europea, foi a restrición á mobilidade, restablecendo as fronteiras dos Estados da UE como suposto instrumento de control da expansión da pandemia. Neste traballo trátase do impacto que isto tivo sobre os traballadores transfronteirizos da UE, aplicado ao caso do Río Miño. Con esta intención trátase de definir e estimar o número de traballadores transfronteirizos afectados, de definir o seu perfil e os prexuízos causados pola medida. Por último, realízase unha análise cualitativa dos efectos provocados polo restablecemento da fronteira, e da acción municipal no territorio da AECT Río Minho para minimizar o dano causado.

Palabras chave: Traballador transfronteirizo, fronteiras na UE, Covid-19, Miño transfronteirizo, acción política local

RESUMEN: La COVID-19 ha provocado múltiples decisiones políticas. Una de ellas, extendida por toda la Unión Europea, ha sido la restricción a la movilidad, restableciendo las fronteras de los Estados de la UE como supuesto instrumento de control de la expansión de la pandemia. En este trabajo se trata el impacto que esto ha tenido sobre los trabajadores transfronterizos de la UE, aplicado al caso del Río Miño. Con esta intención, se trata de definir y estimar el número de trabajadores transfronterizos afectados, de definir su perfil, y los prejuicios causados por la medida. Por último, se realiza un análisis cualitativo de los efectos provocados por el restablecimiento de la frontera, y de la acción municipal en el territorio de la AECT Río Minho para minimizar el daño causado.

Palabras clave: Trabajador transfronterizo, fronteras en la UE, Covid-19, Miño transfronterizo, acción política local

ABSTRACT: COVID-19 has triggered multiple policy decisions. One of these, spread throughout the European Union, has been the restriction of mobility, re-establishing the borders of EU

(1) Este traballo foi desenvolvido no marco da colaboración entre a Deputación de Pontevedra e a Universidade de Vigo por convenio 180220.

(2) Profesor titular de Economía Financeira e Contabilidade da Universidade de Vigo e Padroeiro na Fundación Isla Couto (IGESCO). xmcobas@uvigo.gal

(3) Alcaldesa do Rosal. Economista e Mestrado en Finanzas pola Universidade de Vigo. alcaldia@concellodorosal.gal

states as a supposed instrument to control the spread of the pandemic. This paper deals with the impact this has had on EU cross-border workers, applied to the case of the River Minho. With this in mind, it attempts to define and estimate the number of cross-border workers affected, to define their profile, and the prejudice caused by the measure. Finally, a qualitative analysis is made of the effects caused by the reestablishment of the border, and of the municipal action in the territory of the Rio Minho EGTC to minimise the damage caused.

Keywords: Cross-border worker, EU borders, Covid-19, cross-border Minho, local political action

1. Introducción

A chegada da pandemia provocada pola COVID-19 trouxo, entre outras consecuencias, aplicación de medidas restritivas á mobilidade da poboación en todo o Mundo, singularmente entre Estados, e tamén dentro deles (Lara-Valencia et al., 2020).

No que toca á Unión Europea, o restablecemento de fronteiras limitou por primeira vez na Eurorrexión Galicia – Norte de Portugal os efectos do Tratado de Schengen, que viña de suprimilas, no contexto da mobilidade integral de persoas, bens, servizos e capitais que caracteriza á UE actual, un proceso que afecta ao longo da UE a aproximadamente dous millóns de persoas que viven unha dinámica transfronteriza (Medeiros et al., 2020), e que afectou á meirande parte dos territorios de contacto, como por exemplo aos franceses co resto da UE (Mission opérationnelle transfrontalière, 2020).

Un destes casos de restablecemento parcial foi o do Río Miño transfronterizo. Isto afectou aos habitantes das dúas beiras do Miño e, de modo singular, aos traballadores nun país que residen no outro.

A proclamación do *Estado de Alarma* en España polo Real Decreto 463/2020 de 14 de marzo, e a proclamación do *Estado de Emergência* en Portugal polo Decreto do Presidente da República 14-A/2020 de 18 de marzo, afectaron aos cidadáns de cada beira do Río Miño transfronterizo.

Por outra banda, a anulación temporal da supresión da fronteira, e a supresión do tránsito en lugares de paso, supuxo unha limitación adicional ás que teñen os cidadáns que non viven realidades de contacto entre Estados da Unión Europea.

Nunha etapa na que se están a construír Eurociudades, organismos compartidos, e sobre todo na que a vida cotiá das persoas, das familias e das empresas, desenvólvese nas dúas beiras do Río, as limitacións poden, e de feito teñen, un impacto diferente.

Neste traballo preséntanse, en primeiro lugar, o concepto de traballador transfronterizo, por ser un dos colectivos máis prexudicados polo peche fronteirizo. En segundo lugar, analízase cal é o perfil destes traballadores. Por último, analízanse as principais consecuencias sobre as persoas e as empresas, e como actuou a acción municipal coordinada na AECT Rio Minho para responder a este desafío común.

2. Traballadores transfronteirizos

2.1. Concepto de traballadores transfronteirizos

A definición de traballador transfronteirizo é un concepto confuso. En principio, fai mención a unha persoa que é residente nun país e que traballa noutro; agora ben, isto é relativo. Por exemplo, pode referirse a unha persoa que se despraza a diario entre os dous países, ou a quen o fai ao comezo da semana, permanece no país no que traballa durante uns días e regresa no fin de semana.

Por outra banda, danse moitas situación que implican, de facto, traballo transfronteirizo, pero que non están incluídas conceptualmente o nas estatísticas. Por exemplo:

- » Traballadores con residencia e emprego no mesmo país, pero que se desprazan ao país limítrofe para realizar obras ou prestar servizos.
- » Traballadores con residencia e emprego no mesmo país, pero con nacionalidade noutro, no que tamén teñen residencia, alternando as durmidas durante a semana.
- » Traballadores con residencia e emprego no mesmo país, que cruzan a outro, a diario o de xeito cotiá, para realizar o seu traballo con provedores ou clientes.
- » Traballadores de empresas con sede en ambos países, que alternan o seu traballo entre a empresa matriz e a filial, con independencia do contrato laboral.
- » Tripulacións compartidas de barcos pesqueiros, con empresas armadoras, portos, bandeiras ou caladoiros situados nun dos dous países ou en terceiros países.

Todas estas situacións son comúns naqueles puntos da UE nos que se produciu unha maior integración efectiva, como é o caso do territorio da AECT Río Minho. En consecuencia, o número de persoas afectadas, cando se produce un restablecemento de fronteiras, afecta a un número indeterminado e moito maior do que recollen as estatísticas.

Desde un punto de vista xurídico, o concepto de traballador transfronteirizo é tamén complexo. De acordo co propio Servizo Europeo de Empleo Transfronterizo Galicia – Norte de Portugal, (Eures-T, 2020):

“Igual que sucede en España, Portugal acepta la entrada (y la salida) de trabajadores transfronterizos, sin que hayamos encontrado hasta el momento cuál es la definición de trabajador transfronterizo a la que se refiere la. Recordamos que tampoco en Portugal existe una única definición de trabajador transfronterizo, ni en su ordenamiento jurídico interno ni en el europeo. Así el estatuto de trabajador transfronterizo resulta de conjugar varias normas:

- El Regulamento (CE) No 883/2004 do Parlamento Europeo e do Consello de 29 de abril de 2004 sobre la coordinación de los sistemas de seguridad social establece en su art. 1.f) “Trabalhador fronteiriço”, uma persoa que exerça uma atividade por conta de outrem ou por conta própria num Estado-Membro e que resida noutro Estado-Membro ao qual regresa, em regra, diariamente ou, pelo menos, uma vez por semana;
- La Convenção entre Portugal e a Espanha para Evitar a Dupla Tributação em Matéria de Impostos sobre o Rendimento establece en el art. 15.4) “... as

remunerações auferidas 9 de um emprego exercido num Estado Contratante por um trabalhador fronteiriço, isto é, que tenha a sua residência habitual no outro Estado Contratante ao qual regressa normalmente todos os dias...”;

• La Lei nº 44/2008 de 27 de agosto para la alteraçã ao Código do Imposto sobre Veículos, aprovado pela Lei n.º 22-A/2007, de 29 de Junho, establece en el art. 34.2) “ ... podem ainda beneficiar do regime de admissã temporária os trabalhadores transfronteiricos que residam em Espanha com o respectivo agregado familiar, caso exista, e se desloquem regularmente no trajecto de ida e volta entre a sua residêcia e o local de trabalho situado em território nacional.”

A la vista de las medidas adoptadas en Portugal en relación al Dever geral de recolhimento domiciliário establecido en el Decreto n.º 2-A/2020 de 20 de março para a execução da declaração do estado de emergência efetuada pelo Decreto do Presidente da República n.º 14- A/2020, de 18 de março, no se contemplan los desplazamientos entre las varias residencias que una persona pueda tener; se debe elegir una residencia y únicamente se permitirá realizar el desplazamiento desde el lugar de residencia elegido al lugar de trabajo sin que se permitan los desplazamientos de fin de semana (u otro período) a una segunda residencia. Aunque no hemos encontrado normativa al respecto, entendemos que en Portugal no se permitirán los desplazamientos que, hasta la fecha de la entrada en vigor del Estado de Emergencia, realizaban los trabajadores transfronterizos con residencia en España, que se desplazaban a Portugal para trabajar, permanecían en Portugal de lunes a viernes (u otros días) y regresaban a su domicilio familiar en España durante el fin de semana (u otro período). Estos trabajadores deben elegir una de las dos residencias (la de España o la de Portugal) y únicamente se permitirá el desplazamiento entre la residencia elegida y el lugar de trabajo. Si la residencia elegida es la de España, habrá de desplazarse diariamente a su trabajo en Portugal.”

En conclusión, a definición conceptual é confusa, mesmo no seu sentido xurídico, e non inclúe todas as situación nas que se produce unha realidade laboral transfronteiriza.

2.2. Cuantificación no Río Miño

Tal e como indicamos anteriormente, a definición de traballador transfronteirizo non é unívoca, e está sometida a moitas interpretacións posibles. Por outra banda, os traballos e fontes estatísticas ofrecen perspectivas parciais e limitadas do conxunto de persoas nesa situación.

As principais fontes empregadas son os documentos do Eures-T. Entre estes, salientamos o traballo de Fernández Prieto et al. (2019), coeditado polo Eures-T e a Confederación de Empresarios de Galicia. Este é o documento que recolle, a partir das fontes oficiais, un maior número de estatísticas parciais do fenómeno, e será a referencia básica neste apartado.

Outra fonte de información é sobre mobilidade transfronteiriza, no que salientamos o Informe de Mobilidade do Observatorio Transfronterizo España – Portugal, de edición anual, no que participan o Ministerio de Fomento do Goberno de España e o Ministerio de Economía do Goberno de Portugal. O máis recente é o 9º informe, de 16/12/2019, con datos de 2017.

Unha fonte adicional, dende o restablecemento parcial da fronteira en 2020 e 2021, son os datos do Serviço de Estrangeiros e Fronteiras (SEF) de Portugal.

Por último, outra das fontes son os recentes estudos sobre o territorio da AECT Río Minho (Martínez-Cobas e Fernández-Jardón, 2019, 2020, Fernández-Jardón e Martínez-Cobas, 2021, Trillo-Santamaría et al. 2021).

O traballo de Fernández Prieto et al. ofrece estimacións desde varios puntos de vista. Se os datos empregados son os de residencia, o cadro nº1 recolle a información seguinte:

Cadro nº1.- Residencia cruzada entre Galicia e Norte de Portugal

RESIDENCIA	NÚMERO
Residentes portugueses en Galicia	14478
Residentes portugueses na provincia de Pontevedra	5500
Residentes españois no Norte de Portugal	2773
Residentes españois no distrito de Viana do Castelo	482
Residentes galegos no Norte de Portugal	1592
Residentes de Pontevedra no Norte de Portugal	847

Fonte: Fernández Prieto et al. (2019) a partir de estatísticas oficiais de ambos os dous países

Se procuramos datos sobre contratación, os resultados son os presentados no cadro nº2:

Cadro nº2.- Contratos e remuneracións cruzados nacionalidade/emprego entre Galicia e Norte de Portugal

CONCEPTO	NÚMERO
Contratos laborais a cidadáns portugueses en Galicia	9089
Dos que, en Pontevedra	4018
Cidadáns españois que declaran remuneracións no Norte de Portugal	4194
Dos que, en Viana do Castelo	2010
Suma de españois e portugueses que traballan na Eurorrexión, fora de seu Estado de orixe	13283
Suma de españois e portugueses que traballan no territorio Pontevedra-Viana do Castelo, fora do seu Estado de orixe	6028

Fonte: Fernández Prieto et al. (2019) a partir de datos proporcionados pola Consellería de Economía, Emprego e Industria (Galicia) y polo Ministério da Solidariedade, Emprego e Seguranga Social (Portugal).

Aplicando o contraste entre a residencia das persoas e o lugar de emprego, obtense o cadro nº3.

Cadro nº3.- Contratos e remuneracións cruzados residencia/emprego entre Galicia e Norte de Portugal

CONCEPTO	NÚMERO
Contratos laborais a traballadores portugueses (residentes en Portugal) en Galicia.	622
Dos que, en Pontevedra	424
Españóis residentes en España con remuneracións declaradas no Norte de Portugal	2659
Dos que, en Viana do Castelo	1816
Transfronterizos estritos residencia/emprego na Eurorexión	3281
Dos que, entre Pontevedra e Viana do Castelo	2240

Fonte: Fernández Prieto et al. (2019) a partir de estatísticas oficiais de ambos os dous países

Por último, se a fonte empregada son os datos de traballadores desprazados, temos o cadro nº4:

Cadro nº4.- Traballadores desprazados

CONCEPTO	NÚMERO
Traballadores de empresas portuguesas desprazados en Galicia	1489
Dos que, en Pontevedra	335
Traballadores galegos, desprazados a Portugal, que solicitan o impreso A-1 á Seguridade Social	6606
Dos que, de Pontevedra	2013
Traballadores do Norte de Portugal, desprazados a España, que solicitan o impreso A-1	2564
Dos que, de Viana do Castelo	412

Fonte: Fernández Prieto et al. (2019) a partir de estatísticas oficiais de ambos os dous países

Ao conxunto de casos anteriores, ben diversos, caben sumar situacións que, como foi dito, non están incluídas nas anteriores. Existen outras moitas situacións que implican unha lóxica laboral transfronteiriza, cando menos parcial, e esta é maior canto máis próxima está a realidade persoal e familiar do punto de contacto, neste caso do Río Miño.

Como exemplo, nun estudo realizado recentemente no Val do Miño, na parte galega do Río, a partir de enquisas realizadas (Martínez-Cobas e Fernández-Jardón, 2019), o 40% das empresas declaraban ter algún traballador transfronteirizo (isto é, un traballador portugués, residira en Galicia ou en Portugal); el 58% declaraban ter provedores portugueses, e o 60% das empresas declaraba ter clientes portugueses.

Outro estudo recente no Vale do Minho, o inquérito da CEVAL (2020), na parte portuguesa do Río, a partir tamén de enquisas realizadas nos cinco concellos, indicaba nas respostas dos empresarios que o turismo galego afectaba ao 91,4% do total das empresas.

Daquela, é evidente que o nivel de integración é moi elevado, e por tanto o impacto do restablecemento da fronteira e da limitación de puntos de cruce, decidida por culpa da pandemia, é moito máis lesiva. A partir das fontes citadas, realizamos unha estimación de mínimos do número de traballadores transfronteirizos.

Sendo o concepto confuso, aplicando diferentes criterios, sitúanse nun mínimo de **13.283** traballadores de nacionalidade española ou portuguesa que traballan na Eurorrexión Galicia – Norte de Portugal, fora do seu Estado de orixe, e **6.028** os españois traballando no distrito de Viana do Castelo máis os portugueses na provincia de Pontevedra.

Aos anteriores sería preciso engadir outros casos por cruce entre nacionalidade e emprego, residencia e emprego ou desprazamento temporal coas súas empresas, sendo unha número moito maior do anterior.

A suma dos anteriores, máis os desprazados do cadro nº4, sitúan a estimación en 25.734 para a Eurorrexión, e en 10.693 para a área entre a provincia de Pontevedra e o distrito de Viana do Castelo.

Se ademais se lle engaden o conxunto de situacións descritas ao comezo deste apartado, das que non hai estatísticas, o número real de realidades laborais transfronteirizas multiplícase sobre o das estatísticas.

3. Análise cuantitativa. Estudo do rexistro de persoas afectadas

No segundo peche da fronteira (2021), a AECT Río Minho decidiu habilitar unha páxina na súa web, na que era posible documentar a situación na que os traballadores se vían prexudicados polo restablecemento da fronteira, abriu a posibilidade de ter acceso a información directa e sistemática do modo no que as persoas se ven afectadas pola situación.

O feito de que a alta implique a entrega de datos persoais, permite a verificación do total dos casos presentados ante a AECT.

É importante indicar que só se solicitou a alta e entrega de información a aquelas persoas que, especificamente, poderían considerarse transfronteirizos dende un punto de vista legal. Isto quere dicir que teñen que poder acreditar a residencia nun país e o traballo no outro, con alta civil de residencia e con alta laboral de emprego.

Durante os primeiros días de oportunidade de rexistro (dende o día 2 ata o día 18 de marzo de 2021), o número de persoas que se deran de alta na web era de 170.

A información permite identificar características do perfil das persoas prexudicadas. A seguir, presentamos a clasificación, segundo os datos recibidos.

3.1. Procedencia por nacionalidade

De acordo coa información recibida, obsérvase que 3 de cada 4 persoas afectadas, concretamente o 76,47 % da mostra, son de orixe galega, namentres que as persoas afectadas de orixe portuguesa representan un 22,94%.

O dato é significativo, aínda que só se traballa cunha mostra do conxunto das persoas transfronteirizas. A diferenza salarial entre territorios fai que, en termos de Eurorrexión, a mobilidade é maior do sur para o norte do Miño, do que a inversa. Agora ben, no territorio do Val do Miño / Vale do Minho, a mobilidade que reclama danos polo peche é, na meirande parte, procedente de Galicia para traballar en Portugal.




Figura 1

3.2. Procedencia por sector económico

No que respecta aos traballadores que deben cruzar a fronteira, clasificados por sector a efectos de emprego, na figura 2 ofrece o reparto sectorial dos rexistrados. Pódese apreciar como o sector industrial é o que ocupa a un maior número de persoas. En menor medida, as persoas ocupadas do sector servizos, no comercio e, finalmente, na administración e servizos públicos.




Figura 2

3.3. Prexuízo declarado

En consideración ao prexuízo provocado, e dentro da lista de causas alegadas, o máis comunicado é o grave aumento de distancia e tempo, no percorrido entre a residencia dos afectados ao seu traballo e viceversa. O peche da ponte internacional, que obriga ao desvío da rota, así como a agarda para cruzar os controis, fan deste factor o máis salientable no prexuízo aos traballadores transfronterizos.

En segundo lugar, o 25.29% dos afectados acusan un incremento notable no custo dos seus desprazamentos, algo compatible coa primeira das causas presentadas.

En terceiro lugar, un 12.94% das persoas comunican que a situación impediúlles, de facto, poder cruzar a fronteira para desprazarse ao seu posto de traballo.

Por último, o 1,76% da mostra alegou un prexuízo puramente económico, derivado da diminución do número de clientes procedentes da outra marxe. Este caso é moi común, aínda que non o é nesta lista, dado que o prexuízo para moitos negocios de ambas as dúas beiras do Miño depende dos clientes dos dous países. Neste caso, a mobilidade que condiciona a actividade económica non é a do traballador, senón a dos clientes.




Figura 3

3.4. Orixe e destino dos traballadores

No que toca á orixe, por residencia, dos traballadores rexistrados, a figura 4 recolle os concellos de residencia. Cando a información non foi concretada, a nivel de concello ou de parroquia-freguesía integrable nos concellos, empregáronse os xenéricos Galicia e Portugal, para situar a residencia.

Os principais concellos de orixe afectados son, pola parte galega, os de Tomiño, O Rosal e A Guarda, seguidos a distancia de Salvaterra e Tui. Os máis afectados, son os traballadores dos concellos aos que o peche do ferry A Guarda – Caminha e da ponte Tomiño – Vila Nova de

Cerveira, impide cruzar dunha beira á outra, e vense obrigados a viaxar a Tui – Valença para poder asistir aos seus postos de traballo.

Pola parte portuguesa é Monção, seguido doutros concellos do Vale do Minho, o máis afectado. Malia que a ponte de Monção – Salvaterra está aberta con horario parcial, semella que os horarios de abertura non resolven as necesidades de parte dos traballadores.

A figura 5 recolle a lista de destinos laborais. Como no caso anterior, as respostas foran agregadas por concellos, deixando os xenéricos Galicia e Portugal para cando a información non era específica sobre o lugar de traballo.




Figura 4

Como se pode apreciar, un destino laboral aparece coma o máis relevante, con diferenza: Vila Nova de Cerveira. Preto do 50% do total das persoas rexistradas traballan neste concello. A seguir está Valença, a máis distancia. Despois, Monção, Salvaterra e A Guarda.

Dado que isto coincide, como vimos na figura 3, cunha maior parte de casos con empregos na Industria, semella bastante claro que estamos ante unha mobilidade laboral do Baixo Miño aos parques empresariais de Vila Nova de Cerveira e de Valença, como Cerdal, Campos ou Gándara, con empresas de actividade industrial, parte delas presentes, por instalación ou propiedade, tamén en Galicia.




Figura 5

Agora ben, como confirmar a relación entre orixes e destinos, de modo específico? Con este fin, preséntase a figura 6, na que se establece a relación e reparto entre os concellos de orixe e os de destino laboral, para cada concello.

O eixo de abscisas recolle os concellos de residencia, e cada unha das barras da gráfica, representa a distribución, sobre o 100% dos procedentes de cada concello, nos concellos de posto de traballo.

A figura permite confirmar o anticipado: a mobilidade máis danada, ou cando menos a que se rexistra en maior número, son persoas que traballan en Vila Nova de Cerveira, procedentes, sobre todo, dos concellos do Baixo Miño, ás que se lles impide cruzar a porte entre Tomiño e Vila Nova de Cerveira.

Orixe e destino das persoas afectadas (residencia/traballo)

(NOTA: Imaxe a cor na páxina do TE43 en igadi.gal)




Figura 6

3.5. Xénero das persoas afectadas na mobilidade laboral

Por último, infórmase do xénero das persoas rexistradas.

Como se pode apreciar na figura 8, a diferenza é significativa. Un 62% das persoas son mulleres, e un 37% son homes.




Figura 7

A diferenza por xénero é relevante. A meirande parte de traballadoras transfronteirizas rexistradas son mulleres. Isto pode explicarse por dúas causas: unha maior decisión á hora de rexistrarse e reclamar os seus dereitos, prexudicados polo peche das pontes; ou ben, o feito de que a man de obra transfronteiriza, especificamente, entre o Baixo Miño e o Alto Minho, ten unha maioría de xénero feminino. É de interese salientar que sucedeu algo similar na enquisa que avaliou o impacto da pandemia (neste caso para cidadáns transfronteirizos, non só para traballadores), realizada pola Eurorrexión NAEN (2020), entre Euskadi, Navarra e Nouvelle Aquitaine, cun 65% aproximado de respostas de mulleres, fronte a un 35% de homes.

En todo caso, esta poboación foi a máis prexudicada porque a ponte entre Tomiño e Vila Nova de Cerveira, sendo a quinta ponte en mobilidade entre España e Portugal, con 5.812 vehículos medios diarios⁽⁴⁾, foi a única que, por non abrires, deixou incomunicados a dous concellos, e por extensión, xunto o peche do ferry, a cinco concellos: A Guarda, O Rosal, Tomiño, Vila Nova de Cerveira e Caminha. Unha decisión, cando menos de difícil explicación desde o punto de vista da xestión pública.

Da análise realizada sobre as persoas rexistradas na AECT, como traballadoras transfronteirizas, prexudicadas polo restablecemento da fronteira, as conclusións máis salientables son:

- » A maior parte das persoas son mulleres, cunha diferenza moi significativa sobre os homes.
- » A principal actividade económica é o traballo na industria.

(4) Observatorio Transfronteirizo España – Portugal (2019), 9º Relatorio. Datos de 2017.

- » Os principais concellos de orixe (residencia) son os do Baixo Miño, singularmente Tomiño, O Rosal e A Guarda, e os principais concellos de destino (traballo) son os de Vila Nova de Cerveira e Valença.
- » As mobilidades entre Salvaterra e Monção son tamén significativas, e relativamente equilibradas na orixe e destino entre ambos os dous concellos.
- » As principais causas alegadas son a demora, en tempo e diñeiro, provocada polo desprazamento adicional que provocou o restablecemento da fronteira.

Semella, por tanto, que as principais reclamantes son persoas ás que se lles pecharon os accesos directos ao seu posto de traballo, deixando incomunicados cinco concellos: A Guarda, O Rosal, Tomiño, Vila Nova de Cerveira e Caminha.

4. Análise cualitativa. As consecuencias para os transfronteirizos e a acción da administración local

Para as poboacións do Alto Minho e do Baixo Miño o río é un elemento de unión dende fai moitas xeracións. Os raianos dunha e da outra beira fan vidas parellas e comparten a realidade no seu quefacer diario desde o punto de vista laboral, económico mais tamén emocional e social. Incluso nos tempos das ditaduras existiu un vínculo de unión socioeconómica con actividades coma o pisco ou o comercio informal, familias mixtas galego-portuguesas ou relacións de amizade dunha e da outra beira.

As decisións políticas das administracións con capacidade de xestión na raia racharon as realidades dos raianos construíndo un novo muro, unha barreira, a fronteira que nunca teríamos imaxinado no século XXI e que máis alá da alarma sanitaria denotou a falta de coñecemento da realidade e das vidas minhotas.

As consecuencias do peche das pontes sobre o Miño, deixando unicamente un paso, tiveron o efecto equivalente a partir cidades ou vilas en dúas partes.

En consecuencia, os efectos son exactamente os derivados da comparanza anterior: Para moitas persoas, as compras de alimentos e outras necesidades básicas, mesmo limitadas polos estados de Alarma e Emergência, pasaran a realizarse exclusivamente na parte na que viven. Habitantes dunha e da outra beira nótense do comercio diferencial que se oferta nos establecementos galegos e portugueses. Por exemplo, tradicionalmente moitas avoas e veciñas do Baixo Miño mercan o café nos mercados portugueses, toman o café da outra beira, cortan o pelo no país veciño ou mercan na Feira os sábados en Vila Nova de Cerveira ou en Valença os mércores.

O peche da actividade económica, en xeral, minimizou nun primeiro momento un impacto maior, dado que os múltiples servizos públicos compartidos estaban pechados.

O impacto, onde foi maior, é nas persoas con perfil transfronteirizo, sexa por cuestión familiar ou por cuestión laboral, como se comentou anteriormente.

O primeiro caso a tratar é o da residencia. Hai persoas que non tiñan formalizada a residencia permanente no lugar no que viven, por despreocupación ou porque a situación era recente. Non ter residencia impide aos transfronteirizos acceso a un país. Nestes casos, coma noutros, a acción municipal resolveu as situacións de modo rápido, facilitando os recoñecementos de residencia a aqueles que non os tiñan. De feito, foron moitos os certificados de

empadramento expedidos para que as veciñas e veciños puidesen acreditar a súa residencia e tamén os empadramentos novos realizados de persoas que non o tiñan regularizado con anterioridade.

Ademais, aqueles primeiros días de confinamento e, en xeral, no devir do tempo que perdurou o Estado de Alarma e de Emergencia eran moitas as incógnitas, os interrogantes, as incertezas que emerxían nas dúbidas trasladadas polas veciñas ás administracións locais, as máis próximas para a cidadanía, de decisións que tiñan un carácter supramunicipal e que lles viñan dadas sen matices nin resposta á realidade raiana concreta. Eran moi diversas as situacións e realidades que para os habitantes dunha e outra beira, se tiñan normalizado no día a día como sociedade conxuntamente, pero que de súpeto as administracións estatais non só descoñecían senón ás que tampouco atendían, escoitaban nin atendían.

Por motivos familiares, a situación conduce a un reagrupamento nunha das dúas beiras. As veces, tanto en situacións documentadas (por exemplo matrimonios mixtos) coma en situación sen documentar previamente (por exemplo parellas informais, desde o punto de vista xurídico), crea unha situación de escolla, na que unha parte debe regularizar a residencia no concello no que pasa a estar. Neses casos tamén estivo a administración local tentando atopar o mellor encaixe en comunicación coas Cámaras Veciñas e coas administracións supramunicipais.

As relacións sentimentais e de parella víronse directamente afectadas ata o punto de non poder atravesar a fronteira para poder ver ao mozo ou moza, por exemplo, ou ao familiar enfermo. Nalgúns casos a administración local, cando se daban estas circunstancias, tentaba axilizar procesos con outras administracións e corpos de seguridade. Noutros, ficaba a impotencia de non ter unha solución rápida, ao non existir ningún feito documentado, polo que non quedaba máis que que as persoas formalizasen a relación persoal, variar a residencia ou asumir a realidade da distancia imposta.

Un caso de dificultade é a situación na que unha persoa reside nunha parte do Río e o seu sistema de saúde está no outro, vinculado ao seu posto de traballo. Os centros de saúde poden estar nunha beira diferente da de residencia. Tamén, aínda que nas farmacias se distribúen medicamentos cos mesmos principios activos, as receitas son emitidas para o sistema de cada país, cos medicamentos especificados, o que dificulta a súa obtención, posto que é necesario poder cruzar de ida e volta.

Outro caso a documentar, que tivo efectos no peche de 2021, e a escolarización. No 2020, os centros docentes estaban pechados en ambos países; agora ben, no 2021, estaban abertos. Como teñen estudantes da outra beira do Río, o control e peche de fronteiras dificultou ou impediu o acceso á docencia. Nalgún caso, de estudos superiores, a mobilidade transfronteiriza por estudos é moi elevada.

No que toca á situación laboral, os Estados de Alarma e Emergencia provocaron situacións laborais adversas, singularmente os ERTE na parte galega e os Lay-Off na portuguesa, de efectos similares pero non idénticos. Tamén o aumento do desemprego.

Estas situacións laborais xeran dereito á prestación social no país no que se traballa, que pode ser diferente do país de residencia. Os sistemas de Seguridade Social de ambos países están dixitalizados, e facilitan a tramitación, pero a elevada cantidade de expedientes e as limitacións dalgunhas persoas para moverse en aplicacións dixitais dificultan a resolución. Dalgunha

maneira, nos casos transfronteirizos o propio traballador é portador da información.

Debemos indicar, en sentido positivo, o traballo asistencial do Eures-T, que mantivo atención telefónica e dixital, ademais de indicar na páxina Web como actuar nestes casos ante as administracións de ambos países. Tamén as relacións persoais tecidas nestes anos entre as diferentes administracións dos dous países, que facilitaron coa mellor vontade a resolución dos casos máis complexos.

Outra situación documentada é a mobilidade laboral transfronteiriza, que estaba autorizada. A dificultade produciuse na supresión de postos de paso, dado que só estaba operativa unha das cinco pontes sobre o Miño internacional, e tampouco estaba operativo o ferry A Guarda – Caminha.

Para unha persoa que vive a poucos quilómetros do seu posto de traballo (por exemplo entre Arbo e Melgaço, ou entre Tomiño e Vilanova de Cerveira⁽⁵⁾), ir traballar nestas condicións supuxo un desprazamento de moitos quilómetros, a realizar en vehículo propio. Isto, para os salarios máis baixos, supón unha penalización moito maior, e leva en custo unha parte relevante do salario. Como se documentou no apartado anterior, este foi un dos maiores prexuízos documentados no rexistro de persoas afectadas da AECT Río Minho.

Algunhas persoas víronse obrigadas a renunciar ao seu traballo na outra beira polos custos que supuxo o peche da fronteira. Nalgúns casos non lle era rendible a alguén do Rosal, por exemplo, ir ata Tui para poder traballar en Cerveira con todos os custos temporais e económicos efectivos que isto supuña. No mellor dos casos víronse na obriga de ter que soportar estes custos. Debemos ter en conta que ao peche da Ponte da Amizade sumábase a imposibilidade durante algún tempo de poder compartir vehículo por non viaxar con convivintes. As traballadoras víanse na obriga de iren cada unha nun vehículo asumindo o sobrecusto de viaxar ata Tui para atravesar a fronteira.

Durante meses alguén do sur do Baixo Miño podía saír dos peches perimetrais para iren traballar a Vigo ou Pontevedra facendo todos os controis sanitarios e de seguridade oportunos pero non podía atravesar a Ponte da Amizade en Cerveira para cumprir co mesmo cometido, o do traballo.

Outro conxunto de problemas os padeceran persoas que estritamente non son traballadores transfronterizos, pero que na práctica viven esta situación, como foi descrito no primeiro apartado deste artigo. Para estas persoas, as principais dificultades producíronse na dificultade de documentar ou xustificar determinadas necesidades ou realización de traballos.

É o caso, por exemplo, da actividade propiamente comercial, ou de cobro de facturas, na que non se desprazan mercancías. Tamén o é a asistencia para a realización de contratos de obra, que desprazan persoas entre os dous países, pero os traballadores non son transfronteirizos no seu contrato laboral, polo que é necesario documentar moi claramente a necesidade da mobilidade para que se poda xustificar no marco regulatorio vixente.

O conxunto destas situacións, que prexudican especialmente aos concellos lindeiros ao Río Miño, foi mitigada pola acción municipal, que continuou coordinada cos homólogos da

(5) Para a situación específica entre Tomiño e Vila Nova de Cerveira pódese consultar o informe da Provedora e da Valedora da Cidadanía Transfronteiriza (2020).

outra beira do Río. As declaracións institucionais e a operatividade dos organismos (AECT Río Minho, Eures-t...) así como o coñecemento dos principais responsables administrativos da realidade do territorio, permitiu resolver unha parte importante da limitación imposta.

Desde as entidades locais, a través das alcaldesas, alcaldes e Presidentes das Cámaras coa AECT Río Minho, reclamouse o agravio que as administracións supramunicipais estiveron xerando na cidadanía e, especialmente, nas traballadoras transfronteirizas, coa súa decisión unilateral de pechar os pasos fronteirizos. Diante desta situación e da falta de escoita e reacción do Estado Español e Portugués fixéronse varias accións reivindicativas nas pontes internacionais pechadas, nas que incluso se recolleron testemuñas dunha e da outra beira.

O paradoxo foi tan grande que se deran casos de profesionais sanitarias galegas da zona sur do Baixo Miño (A Guarda e O Rosal) que tiñan que viaxar a Tui a diario para acudir aos seus postos de traballo en Centros de Saúde de Viana do Castelo. A inacción dos gobernos centrais diante das demandas amosou non só o afastados que están fisicamente os núcleos de decisión do ámbito fronteirizo senón tamén o lonxe que se atopan da comprensión da realidade miñota.

As accións coordinadas foron unánimes e nelas participaron todos os dirixentes locais de todas as cores políticas existentes no panorama municipal e autárquico. Estas tiveron unha importante repercusión con cobertura autonómica e estatais. A imaxe máis icónica ten sido a presenza das alcaldesas/alcaldes/presidentes de Cámara, solicitando, cunha mensaxe directa, a apertura das fronteiras. As letras “OPEN THE BORDER” sobre unha das pontes do Miño tiveran visibilidade internacional.

Non obstante, as decisións de peche de fronteira mantivéronse a pesares das reivindicacións das Cámaras e dos Concellos xerando un agravio comparativo sobre as veciñas e veciños raianos superior ao xerado polo efecto da propia pandemia.

Desde un punto de vista operativo, podemos concluír que os poderes locais traballaron en favor dos transfronteirizos e do conxunto da sociedade miñota por dúas vías:

En primeiro lugar, por medio da coordinación cos concellos veciños no río. A coordinación bilateral entre concellos, con e sen estatuto de eurociudades, resolveu moitas das dificultades persoais e familiares dentro das posibilidades da lei, en particular cos recoñecementos de residencia e as xestións antes outros poderes públicos.

En segundo lugar, por medio da coordinación agregada. A AECT Río Miño, de recente creación, asistida dende a orixe pola Deputación de Pontevedra, a CIM Minho e os concellos da área, converteuse no instrumento de acción e coordinación conxunta de alcaldesas, alcaldes e presidentes de Cámara deas diversas forzas políticas das dúas beiras do Miño, exercendo un consenso pouco común nestes tempos na defensa das persoas e do territorio.

O conxunto da acción local non puido resolver unha decisión política “en nome do Estado”, pero si puido minimizar os seus efectos, documentar o dano causado e reclamar nas políticas de recuperación pospandemia a prioridade das persoas e territorio dobremente prexudicados, pola pandemia e pola decisión política.

Outra conclusión da acción municipal, non menos relevante, é o feito de que, sometidos os concellos do Miño e as institucións locais (AECT, Deputación de Pontevedra, CIM Minho) a unha situación de “estrés”, a reacción foi consensuada, coordinada e conxunta. A percepción, por exemplo, de que o risco sanitario estaba nunha das dúas beiras do río, podería ter levado,

como noutros lugares, a comportamentos inapropiados, fundamentados no medo ou mesmo no pánico. Pola contra, a reacción dos poderes locais foi serena, prudente e fundamentada na ciencia, lonxe de calquera comportamento demagóxico ou alarmista.

5. Conclusions

O restablecemento parcial da fronteira prexudicou á poboación das dúas beiras do Miño, e de modo singular aos traballadores transfronteirizos.

Como se analizou neste traballo, a definición deste concepto é difusa, e non recolle múltiples situacións de persoas que, padecendo esta realidade na pandemia, non teñen o recoñecemento xurídico de traballadores nesta situación. Daquela, ademais dun concepto pouco definido, o número de persoas afectadas é moito maior do estimado.

No que toca ao perfil, as persoas que responderon ao rexistro de afectados resultan ser, na súa meirando parte, traballadoras do Baixo Miño, que traballan na industria dos concellos do Alto Minho, singularmente en Vila Nova da Cerveira. O fenómeno do traballador transfronteirizo non é do país con menor renda e salario ao país con maior renda e salarios, senón que produce mobilidade nas dúas direccións. Na dirección inversa, o país con menor renda e salarios é tamén o das maiores taxas de emprego, polo que o movemento tamén sigue esta dirección, cun nesgo de xénero que debera tratarse nun traballo de investigación específico.

O conxunto destas situacións, que prexudican especialmente aos concellos lindeiros ao Río Miño, foi mitigada pola acción municipal, que continuou coordinada cos homólogos da outra beira do Río. As declaracións institucionais e a operatividade dos organismos (AECT Río Minho, Eures-t...) así como o coñecemento dos principais responsables administrativos da realidade do territorio, permitiu resolver unha parte importante da limitación imposta.

Por último, é relevante indicar que a fronteira, restablecida por causas de saúde pública entre os dous Estados, no caso do Miño separou dúas partes dun territorio cunha incidencia baixa do COVID 19. Prevaleceu a lóxica de Estado.

Bibliografía

Convenção entre Portugal e a Espanha para Evitar a Dupla Tributação em Matéria de Impostos sobre o Rendimento (1968). Recuperado de: <https://www.ministeriopublico.pt/instrumento/convencao-entre-portugal-e-espanha-para-evitar-dupla-tributacao-em-materia-de-impostos-0>

Decreto nº 2-A/2020 de 20 de março para a execução da declaração do estado de emergência efetuada pelo Decreto do Presidente da República nº 14- A/2020, de 18 de março. Recuperado de: <https://dre.pt/home/-/dre/130473161/details/maximized>

Eures-T Galicia – Norte de Portugal (2020) *Consecuencias para la movilidad transfronteriza de trabajadores de las medidas adoptadas por los gobiernos de España y Portugal para la gestión de la crisis ocasionada por el covid-19.*

Euroregión NAEN (2020) *Impacto socioeconómico del cierre de la frontera*, Eurore-

- gión NAEN Euskadi – Navarra – Nouvelle Aquitaine. <https://ceval.pt/wp-content/uploads/2020/05/Consecuencias-COVID-19-en-Movilidad-Fronteriza.pdf>
- FERNÁNDEZ-JARDÓN C.M. e MARTÍNEZ COBAS F.X. (2021) *A integración económica no territorio do Miño Transfronterizo*, Deputación de Pontevedra e AECT Río Minho.
- Fernández Prieto, M. et al. (2019) *O mercado laboral da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal e a mobilidade de traballadores. Informe de indicadores de mobilidade transfronteriza*. Confederación de Empresarios de Galicia e Eures-T. Recuperado de <https://www.eures-norteportugal-galicia.org/wp-content/themes/eures/indicadores/o-mercado-laboral-da-eurorregiao-e-a-mobilidade-de-traballadores.pdf>
- LARA-VALENCIA, F., AGULLÓ, J., GARCÍA-PÉREZ, H, OLIVERAS, X, and TRILLO, J. M. (2020), *COVID-19 and cross-border mobility*, Transborder Policy Lab, Arizona State University, Tempe, Arizona.
- Lei nº 44/2008 de 27 de agosto para a alteraçã ao Código do Imposto sobre Veículos.
- MARTINEZ COBAS F.X. e FERNÁNDEZ-JARDÓN C.M. (2019), *O efecto transfronterizo sobre a estrutura económica dos concellos da provincia no Río Miño*. Deputación de Pontevedra.
- MARTINEZ-COBAS F.X. e FERNÁNDEZ-JARDÓN C.M. (2020), *Impacto socioeconómico da pandemia da covid-19 no territorio do Río Miño transfronterizo. Análise de urxencia*. Deputación de Pontevedra e AECT Río Minho.
- Medeiros, E. , Ramírez, M.G., Ocskay, G. and Peyrony, J. (2020), *Covidfencing effects on cross-border deterritorialism: the case of Europe*, European Planning Studies, DOI: 10.1080/09654313.2020.1818185
- Mission opérationnelle transfrontalière (2020), *La crise du covid-19 aux frontières: retours d'expérience du réseau de la MOT*.
- Noveno Informe de Movilidad del Observatorio Transfronterizo España – Portugal (2020) recuperado de: <https://www.gee.gov.pt/pt/destaques/29723-observatorio-transfronterico-espanha-portugal-9-relatorio-dados-2017>
- Paul Carril, V. et al., (2019) *Estratexia do Río Miño Transfronterizo 2030*. Deputación de Pontevedra e AECT Río Minho.
- Provedora e Valedora da Cidadania Transfronteriza (2020) *Impacto do peche da fronteira do Miño pola crise da Covid-19*, Eurocidade Cerveira – Tomiño.
- Regulamento (CE) N° 883/2004 do Parlamento Europeo e do Consello de 29 de abril de 2004 sobre a coordinación dos sistemas de seguridade social
- CEVAL (2020) *Reativação da economia nas regiões de fronteira do Alto Minho*.
- Resolução do Conselho de Ministros nº 10- B/2020
- Serviço de Estrangeiros e Fronteiras (2020), recuperado de: <https://www.sef.pt/pt/pages/noticia-sef.aspx?nID=793>
- TRILLO-SANTAMARÍA, J.M. et al. (2021) *Closing boundaries and economic impacts--the Minho river border in times of Covid-19*, Association for Borderlands Studies Virtual Conference, April 2021